

*Digresións 2004-2008**

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

Hoxe, mediante o acto que nos reúne, inaugúrase outra das actividades para as que foi ideada e concibida esta aula. Practicamente a única do Val Miñor con fins exclusivamente culturais. O Instituto de Estudos Miñoranos ten a intención de elaborar e desenvolver un programa, con carácter anual, de exposicións de arte nas súas máis diversas manifestacións que se presentaran ao público nesta sala de Ponte de Rosas.

A primeira destas mostras achéganola o pintor Fino Lorenzo a quen, gustosamente e de maneira moi concisa, vou presentar. En realidade máis que falar do autor o que vou facer é expoñer algúns comentarios en torno á súa obra e ás metodoloxías de traballo que utiliza.

Fino é un miñorán ao que me une unha ampla amizade dende hai moitos anos, circunstancia esta que me permite coñecer de primeira man as súas inquiredanzas, dúbidas, desacougos, filias, fobias, paixóns e algunhas perversións nos distintos ámbitos que conforman a vida e que, no seu caso, terminan por configurar un mundo propio. O seu mundo.

Tamén sei da súa actitude, honesta e obsesiva, ante a obra a crear ata alcanzar un resultado satisfactorio. O seu traballo, que ao longo da súa traxectoria artística posiblemente nunca esqueceu totalmente a figuración, estivo centrado durante estes últimos catro anos nun absorbente e doloroso proceso de abstracción. Neste autor a razón e a intuición mestúranse nunha loita desigual onde o carácter dionisiaco da súa personalidade reduce case ao infinito a posibilidade de que prosperen propostas excesivamente analíticas. É dende esta perspectiva que se poden entender algunhas das liñas ou métodos de investigación utilizados por el para tentear novos resultados. Chegados a este punto teño a seguridade de que podo citar o xogo, a improvisación, o azar e o traballo aparentemente informal como algunhas destas maneiras. É sabido que estes métodos de explorar posibilidades estéticas, formais e materiais non son exclusivas de Fino, pero si pode dicirse que ten o seu modo

* Este texto foi lido por Antonio Soliño Troncoso no acto de inauguración da exposición *Digresións 2004-08* de Fino Lorenzo na Aula de Cultura "Ponte de Rosas" o 13 de marzo de 2009.

persoal de entendelaos e aplicalos. En todo caso é a súa maneira de buscar unhas respostas que non sempre se atopan.

A casualidade, supoño, quixo que nestes últimos anos a procura se iniciase a través de pezas tridimensionais merecendo ser salientadas, *como logro vehicular*, unha serie de pequenas esculturas onde os carozos do papel hixiénico, o cartón e diversos materiais de refugallo, trabados con aparente facilidade, retratan reiteradamente e cun alto grao de abstracción o infeliz Freddie Freeloader. O observador ante estas obras cre ver, sen necesidade de esforzo, como Freddie aínda se despraza o compás do son marcado por Miles Davis.

A insistencia nesta liña de investigación, mantendo a utilización de materiais humildes e incorporando o espazo como un material máis a ter en consideración por si mesmo, dá pé a dúas series de pezas que son xénese e ao mesmo tempo paradigma do traballo do período xa citado. Son as *Gravitacións*, non presentes nesta exposición, e as Caixas. Paralelamente xorden as esculturas.

As primeiras poñen de relevo, unha vez máis, que a beleza dunha peza non é necesariamente proporcional á calidade dos materiais empregados na súa execución senón que son outras leis as que gobernan que o espectador poida recibir este tipo de emocións. Estas estruturas construídas a partir dunha regra moi básica loitan contra a gravidade e transmiten a sensación de que saen vencedoras. Esta percepción de pezas etéreas e ingravidas séntese debido á desocupación do espazo, ou sexa, percíbese pola gran cantidade de aire introducido na peza o que obriga a que esta se baleire de materia. A sensación de ingravidez acentúase porque a baixa densidade da pouca materia, que a modo de liñas, configura a obra fai que esta sexa moi sensible a estímulos externos a ela. É precisamente esta capacidade de resposta da obra aos estímulos externos a que introduce a necesidade da cuarta dimensión para que o espectador poida gozar da totalidade de valores que aquela ofrece.

As segundas son obras que tanto nos materiais empregados como dende os puntos de vista conceptual, sintáctico e construtivo seguen as mesmas regras básicas que as *Gravitacións*. Poderían entenderse como pequenos escenarios onde o interese do autor polo espazo como baleiro moldeable queda acentuado polo contrapunto que achega a masa das caixas, de liñas puras, nas que se insiren. Estas pezas ofrecen composicións moi dinámicas que, a diferenza da caixa, evitan o ángulo recto – ángulo ao que Chillida cualificaba de intolerante por non admitir diálogo nada máis que cos seus iguais – e fan unha rendida homenaxe á luz. Os violentos contrastes que producen as sombras arroxadas coas partes en luz remiten á querenza que os artistas do século XVII tiñan por este tipo de recursos para introducir dramatismo nas súas composicións e, por engadidura, poñen en evidencia o baleiro intersticial existente nas pezas.

A utilización destes recursos tan propios do barroco convida a quen as contempla a buscar, conscientemente ou non, no mundo das lembranzas e das analoxías chegando rapidamente á conclusión de que estas pezas dalgunha maneira teñen moito en común cunha manifestación artística tan propia do barroco como é a opera. O lirismo, a tensión, o dramatismo, a teatralidade, ... o exceso, é común a ambas. Tamén o exceso, a gran riqueza de formas, de luces, de sombras, de cores e de materiais colonizando de maneira axitada e dramática un espazo que reserva intres de

tranquilidade en forma de baleiro, podería entenderse como un modo de facer debedor da obra de cineastas como Federico Fellini.

A pintura deste período pretende levar ao plano as descubertas feitas no espazo mantendo o concepto e loxicamente mudando o material. A tarefa non era nada doada xa que, por propia imposición, cada elemento da composición non podería tocarse con outro calquera máis dunha vez e a exposición bidimensional debería executarse sen utilizar sistemas de representación en perspectiva. A regra en si mesma non achega valores pero a súa existencia posibilita o xogo.

Ao meu xuízo, as técnicas empregadas para resolver os problemas que xorden como consecuencia da falta da terceira dimensión foron, por unha banda, a xerarquización das liñas a través do grosor do trazo e a cor e, pola outra, a transparencia de capas e liñas. Nalgúns casos o trazo alcanza tal magnitude que devén en mancha pero isto non ten por que facer mudar as leis que rexen a composición pictórica. O problema redúcese a resolver unha cuestión de escala.

Poden citarse como exemplos magnificamente conseguidos de cada caso, respectivamente, as pezas tituladas *Petrushka*, en técnica mixta sobre papel vexetal, presente nesta exposición, e a ausente *Shoemberg*, un óleo sobre liño.

Fino Lorenzo ademais dos traballos aquí presentados, e que de seguido poderemos gozar, deixou escrito hai algún tempo que constrúe libros obxecto mentres escoita o seu admirado Thelonius Monk a 33RPM. Hoxe, aquí, non pode escoitar a Monk pero si pode e quere agradecer a presenza altruísta de Fernando Abreu e Pablo Carrera, amigos e bos músicos de Jazz. E nós tamén.

